

**INFORME DE XESTION
2011**

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

INDICE

PRESENTACIÓN.....	5
1. Liquidación do orzamento	9
1.1. Liquidación do orzamento de ingresos.....	11
1.1.1. Comentarios xerais á liquidación do orzamento de ingresos.....	11
1.1.2. Comentarios particulares aos ingresos de cada capítulo orzamentario.....	13
1.1.3. Orzamento de ingresos . Exercicios anteriores	24
1.2. Liquidación do orzamento de gastos	24
1.2.1. Comentarios xerais á liquidación do orzamento de gastos	24
1.2.2. Comentarios particulares aos gastos de cada capítulo orzamentario	27
1.2.3. Probas de acceso 2011	33
1.2.4. Gastos de exercicios pechados	34
1.3. Resultados orzamentarios.....	34
1.3.1. Estado da Tesourería.....	34
1.3.2. Estado do remanente de tesourería.....	35
1.3.3. Resultados	36
2. Xestión de recursos económicos.....	37
2.1. Introducción	39
2.1.1. Gastos asociados á función docente.....	41
2.1.2. Gastos asociados á función investigadora.....	41
2.1.2.1. Actividades de investigación 2011.....	43
2.1.2.2. Biblioteca	45
2.2. Execución orzamentaria	47
2.2.1. Persoal	47
2.2.2. Área TIC	49

2.2.3. Actividades de extensión universitaria e de internacionalización	50
2.2.4. Mellora da calidade	50
2.2.5. Obra nova, RAM e equipamento	52
3. Contratación administrativa	53
3.1. Introducción	55
3.2. Expedientes licitados no exercicio 2011	56
3.3. Volumes totais de licitación e contratación administrativa.....	61
3.4. Facturación igual ou superior a 18.000 €.....	63
4. Inventario de bens mobles e inmobles	75
4.1. Introducción	77
4.2. Relación valorada do inventario de bens mobles e inmobles.....	82
Anexo: Execución orzamentaria	85

PRESENTACIÓN

Os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (USC) establecen, no seu artigo 177, que a xestión económica e financeira da USC reflectirase na memoria económica anual de presentación e rendemento de contas e no artigo 178, indícase que:

- 1. O control de ingresos, custos e investimentos realizarase mediante técnicas de auditoría, baixo a supervisión do Consello Social.*
- 2. A memoria económica anual é o documento polo que se renden as contas do exercicio, tanto no nivel interno da propia universidade coma perante os organismos competentes de control externo.*
- 3. A memoria económica presentaralla o reitor ao Consello de Goberno para a súa información e mais para o exame da xestión económica realizada. Esta presentación farase no prazo dos seis primeiros meses, despois de pechado o exercicio económico.*
- 4. Despois de que o Consello de Goberno acepte as contas, o reitor someteraas á aprobación do Consello Social, e do seu contido dará conta ao Claustro Universitario.*
- 5. A universidade enviaralle ao Consello da Xunta a liquidación do orzamento e as contas anuais, a cal as remitirá ao Consello de Contas para a súa fiscalización.*

Mentres que o artigo 179 establece o contido mínimo da memoria económica: liquidación definitiva do orzamento, a conta de resultados e o balance de situación; información dos expedientes de contratación administrativa xestionados no exercicio; informe sobre a valoración e a evolución do inventario de bens mobles e inmobles; e informe polo miúdo sobre a xestión dos recursos económicos.

Por outra banda, o Plan Xeral de Contabilidade Pública (PXCP) aprobado pola Orden EHA/1037/2010, de 13 de abril (BOE 28-04-2010), é de aplicación obrigatoria para as entidades integrantes do sector público administrativo estatal a partir do 1 de xaneiro de 2011. En dito documento establecece que os documentos que integran as contas anuais son o Balance de situación, a Conta de resultado económico patrimonial, o Estado de cambios no patrimonio neto (documento novo), o Estado de fluxos de efectivo (documento novo), Estado de liquidación do orzamento e Memoria.

Estes documentos forman unha unidade e deben ser redactados con claridade e mostrar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, do resultado económico patrimonial, e da execución do orzamento da entidade.

O PXCP 2010 establece a obrigatoriedade de incluír por primeira vez nas contas anuais do sector público información sobre uns indicadores financeiros, patrimoniais e orzamentarios (punto 24 da memoria) así como o custo das actividades e indicadores de xestión (punto 25 e 26 da memoria), que serán obrigatorios nas contas do ano 2013.

Por outra banda, na disposición transitoria primeira establecece a información a incluír nas contas anuais do primeiro exercicio no que se aplique o PXCP 2010, indicando que non se reflexarán no balance, na conta do resultado económico patrimonial nin no resto de estados que inclúan información comparativa, as cifras do exercicio anterior, sen

prexuízo de que na memoria de ditas contas se reflexen o balance e a conta do resultado económico patrimonial do exercicio anterior, creándose ademais un apartado (Aspectos derivados da transición as novas normas contables), no que se incluírá unha explicación das principais diferenzas entre os criterios contables aplicados no exercicio anterior e o actual, así como a cuantificación do impacto que produce esta variación de criterios contables no patrimonio neto da entidade.

Tendo en conta o anterior, a presente Memoria Económica da USC 2011 inclúe dous documentos diferenciados: as contas anuais 2011, redactadas conforme ao PXCP 2010 e o informe de Xestión 2011.

O primeiro dos documentos, as Contas Anuais 2011 inclúe:

- A. Balance de situación
- B. Conta de resultado económico patrimonial
- C. Estado de cambios no patrimonio neto, constituído por tres estados:
 - 1. Estado total de cambios no patrimonio neto
 - 2. Estado de ingresos e gastos recoñecidos
 - 3. Estado de operacións coa entidade ou entidades propietarias
- D. Estado de fluxos de efectivo e Estado da tesourería
- E. Estado de liquidación do orzamento
 - I. Liquidación do orzamento de gastos
 - II. Liquidación do orzamento de ingresos
 - III. Resultado de operacións comerciais
 - IV. Resultado orzamentario
- F. Memoria.

No Balance de Situación obsérvase que o Patrimonio neto da USC ascenden a 413,55 millóns de euros e que as débedas con entidades de crédito a longo prazo ascenden a 34,09 millóns de euros e a curto prazo a 3,30 millóns de euros. En relación ao activo, o importe do Activo non corrente ascende a 465,91 millóns de euros e o activo corrente a 90,13 millóns de euros, cun total xeral de 556,05 millóns de euros. O Estado de Cambios no Patrimonio Neto proporciona un maior grado de detalle para comprender as variacións experimentadas no Patrimonio neto.

Na Conta de Resultado Económico Patrimonial o total de ingresos de xestión ordinaria ascenden a 247,97 millóns de euros e os gastos de xestión ordinaria a 255,93 millóns de euros, o que motiva, xunto co deterioro de valor e outras partidas non ordinarias, que o resultado das operacións non financeiras sexa negativo en 7,5 millóns de euros, mentres que o resultado das operacións financeiras e positivo en 2,96 millóns de euros, polo que o resultado neto do exercicio (desaforro) ascende a 4,54 millóns de euros.

O Estado de Fluxos de Efectivo informa sobre a orixe e destino dos movementos habidos nas partidas monetarias de activo representativas de efectivo e outros activos líquidos equivalentes, e indica a variación neta sufrida por as mesmas no exercicio. O Estado de Tesourería, e dicir, as existencias bancarias, presenta un saldo 28,68 millóns de euros a 31 de decembro de 2011 e o Fluxo Neto de Tesourería, entendido como a diferenza entre o total de cobros e pagos do exercicio, e negativo en 39,40 millóns de euros.

O Estado de Liquidación do Orzamento, comprende a liquidación do Orzamento de gastos, no que as obrigas recoñecidas netas ascenden a 266,42 millóns de euros (que inclúen operacións financeiras por 6,91 millóns de euros), e a liquidación do Orzamento

de ingresos da entidade, no que o importe dos dereitos recoñecidos netos ascenden a 242,84 millóns de euros, sendo o Resultado orzamentario por operacións non financeiras negativo en 16,67 millóns de euros, e o de operacións financeiras negativo en 6,91 millóns de euros, ascendendo por conseguinte o Resultado orzamentario negativo do exercicio a 23,58 millóns de euros. Inclúese un cadro con información sobre execución dos ingresos públicos, ascendendo os saldos pendentes de cobro do orzamento corrente a 44,28 millóns de euros e os saldos pendentes de cobro de orzamentos pechados a 13,37 millóns de euros.

A Memoria completa, amplía e comenta a información contida nos outros documentos que integran as contas anuais e estrutúrase en 29 apartados, entre os que se atopan os seguintes:

- Organización e actividade
- Bases de presentación das contas, que inclúe a comparación da información do ano 2010.
- Normas sobre inmovilizado non financeiro
- Activos financeiros
- Pasivos financeiros
- Transferencias e subvencións
- Provisións e continxencias
- Información sobre medio ambiente
- Presentación por actividade da conta de resultado económico patrimonial
- Operacións non orzamentarias de tesourería
- Contratación administrativa. Procedementos de adxudicación
- Valores recibidos en depósito
- Información orzamentaria
- Indicadores financeiros, patrimoniais e orzamentarios
- Aspectos derivados da transición ás novas normas contables

O segundo dos documentos que integran a Memoria Económica 2011, e o Informe de Xestión que se estrutura en catro partes e un anexo:

1. Liquidación do orzamento 2011
 2. Xestión de recursos económicos
 3. Contratación administrativa
 4. Inventario de bens mobles e inmoables
- Anexo: Execución orzamentaria

Na primeira parte, Liquidación do Orzamento, diferénciase a Liquidación do Orzamento de Ingresos, Liquidación do Orzamento de Gastos e Resultados Orzamentarios.

En relación a Liquidación do orzamento de ingresos e de gastos realízanse comentarios tanto xerais como particulares por capítulos da información contida no Estado de Liquidación do Orzamento incluído nas contas anuais.

En relación aos Resultados Orzamentarios inclúese información sobre o Estado da Tesourería, o Estado do Remanente de Tesourería e os Resultados (xa comentados en contas anuais). O importe total do Remanente de Tesourería ascendeu a 79,71 millóns de euros, dos cales se incorporaron ao exercicio 2012 créditos comprometidas ou específicos por valor de 79,15 millóns de euros.

A segunda parte, Xestión de Recursos Económicos diferencia os gastos asociados á docencia dos asociados á investigación, así como unha relación das actividades de investigación e das actuacións realizadas polas bibliotecas. En relación a execución orzamentaria tratase mais en detalle a información sobre persoal, actividades de extensión universitaria e de internacionalización, tecnoloxías da información, mellora da calidade, obra nova, reparacións, ampliacións e mantemento (RAM) e equipamento. A esta parte corresponde o Anexo sobre execución orzamentaria.

Na terceira parte, Contratación Administrativa, inclúense os datos dos expedientes de contratación xestionados no exercicio, diferenciados en función do procedemento empregado e do importe dos contratos (IVE excluído) e diferenciando obras, servizos, subministracións. O importe total das licitacións ascendeu a 15,06 millóns de euros, observando, por mor da situación económica actual, un aforro considerable entre dito importe e o de adxudicación, que ascende a 13,54 millóns de euros o cal supuxo un aforro de 1,52 millóns de euros.

A cuarta parte inclúe o inventario de bens inmobles e de bens mobles titularidade da USC, coa valoración correspondente.

Antes de finalizar indicar que esta presentación so constitúe un resumen da situación económico financeira da USC no ano 2011, recollendo un análise pormenorizado da mesma nas contas anuais e nas páxinas seguintes. Os resultados obtidos son froito do traballo de todo o persoal da USC que, nestes tempos de dificultades económicas, traballa para maximizar o rendemento dos recursos dispoñibles co desexo de que o seu esforzo, ademais da propia satisfacción persoal, sexa recoñecido pola sociedade á que se debe, confiando que esta mesma sociedade recoñeza a labor desenvolvida e contribúa cos recursos necesarios para que poidamos manter, e mesmo incrementar, o grao de excelencia que temos na actualidade e así garantir un futuro mellor ás novas xeracións.

1. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

1.1. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS

1.1.1. COMENTARIOS XERAIS Á LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS

O orzamento de ingresos de 2011 da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC), líquidase cuns dereitos recoñecidos por importe de 242,84 millóns de euros, o que supón unha importante diminución en termos absolutos de 38,55 millóns con respecto aos do exercicio anterior (281,39 millóns), equivalente a unha taxa de variación do -13,70 %. Esta diminución explícase polo importante recorte das transferencias capital para investigación e de non incrementar neste exercicio o endebedamento.

As previsións iniciais de ingresos incrementáronse por operacións de financiamento acadado durante o exercicio en 5,71 millóns de euros, o que significa en termos porcentuais o 2,50 % respecto ás previsións iniciais. Para o cálculo das cifras anteriores descóntanse ás previsións definitivas (344,69 M€) a previsión inicial (228,84 M€), os aumentos de previsións derivados do financiamento co remanente de tesourería do ano 2010 (108,22 M€) e da facturación interna (1,92 M€).

A liquidación do orzamento supón a fin de exercicio un maior recoñecemento de dereitos sobre as previsións definitivas de 6,36 millóns de euros, como pode observarse no cadro 1.

CADRO Nº 1. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS

CAPÍTULO	PREVISIÓNS INICIAIS	PREVISIÓNS DEFINITIVAS	DEREITOS RECOÑECIDOS	INGRESADO	PENDENTE DE INGRESO	DEREITOS RECOÑECIDOS MENOS PREVISIÓNS DEFINITIVAS
III. Prezos públicos e outros ingresos	41.548.000,00	45.834.527,10	45.163.007,20	28.310.186,50	16.852.820,70	-671.519,90
IV. Transferencias correntes	140.109.480,00	146.978.933,79	146.686.647,56	137.745.511,26	8.941.136,30	-292.286,23
V. Ingresos patrimoniais	713.000,00	846.734,40	1.517.802,88	1.396.569,76	121.233,12	671.068,48
Ingresos correntes	182.370.480,00	193.660.195,29	193.367.457,64	167.452.267,52	25.915.190,12	-292.737,65
VII. Transferencias de capital	41.473.480,00	42.812.918,89	49.471.178,68	31.109.537,47	18.361.641,21	6.658.259,79
Ingresos capital	41.473.480,00	42.812.918,89	49.471.178,68	31.109.537,47	18.361.641,21	6.658.259,79
Ingresos non financeiros	223.843.960,00	236.473.114,18	242.838.636,32	198.561.804,99	44.276.831,33	6.365.522,14
VIII. Variación activos financeiros	5.000.000,00	108.225.815,35	0,00	0,00	0,00	0,00
IX. Variación de pasivos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Ingresos financeiros	5.000.000,00	108.225.815,35	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAIS	228.843.960,00	344.698.929,53	242.838.636,32	198.561.804,99	44.276.831,33	6.365.522,14

CAPÍTULO	DEREITOS RECOÑECIDOS 2009	DEREITOS RECOÑECIDOS 2010	DEREITOS RECOÑECIDOS 2011	% CAPÍTULO SOBRE TOTAL DEREITOS 2011	% VARIACIÓN S/2010
III. Prezos públicos e outros ingresos	52.070.148,07	46.605.481,03	45.163.007,20	18,60	-3,10%
IV. Transferencias correntes	168.462.177,21	147.387.902,83	146.686.647,56	60,40	-0,48%
V. Ingresos patrimoniais	1.615.344,02	1.291.603,86	1.517.802,88	0,63	17,51%
VI. Alleamento de investimentos reais	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00%
VII. Transferencias de capital	65.092.810,06	66.494.833,37	49.471.178,68	20,37	-25,60%
VIII. Variación activos financeiros	0,00	300.000,00	0,00	0,00	0,00%
IX. Variación de pasivos financeiros	14.195.961,44	19.311.683,00	0,00	0,00	-100,00%
TOTAIS	301.436.440,80	281.391.504,09	242.838.636,32	100,00	-13,70%

Aínda que estas cifras serán desagregadas polo miúdo ao longo do apartado 1.1.2, a continuación indicaremos algunhas notas xerais que nos semellan de interese, referidas ás distintas fontes de financiamento dos ingresos da USC, clasificadas por capítulo orzamentario.

1.- *PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS*: Os dereitos liquidados en concepto de prezos públicos por servizos académicos en estudos oficiais foron inferiores en 1,44 millóns de euros ás previsións orzamentarias (21,00 millóns de previsións fronte 19,56 millóns de dereitos recoñecidos). Feito que se explica fundamentalmente polas menores tarifas aplicables (alumnos de licenciatura que pasan a grao e alumnos de licenciatura que se matriculan en materias sen docencia).

2.- *TRANSFERENCIAS CORRENTES*: Os dereitos liquidados por transferencias correntes son case iguais ás previsións orzamentarias, 146,69 millóns de dereitos fronte a 146,98 de previsións, un desfase de 0,29 millóns o cal implica un alto grao de realismo na orzamentación se temos en conta que este capítulo representa o 60,4 % dos recursos da USC.

3.- *INGRESOS PATRIMONIAIS*: A liquidación foi superior ás cifras orzamentadas en 0,67 millóns de euros debido á unha situación favorable de saldos de tesourería, aínda que menor que en 2010.

4.- *TRANSFERENCIAS DE CAPITAL*: Os dereitos liquidados por transferencias de capital foron superiores ás previsións definitivas en 6,66 millóns de euros debido a que ingresaronse dereitos de proxectos de investigación a fin de ano que non xeraron crédito e, por tanto, non modificaron as previsións de ingresos. Descontado este efecto a realidade é que deixaronse de ingresar 1,67 millóns de euros que se preveían para investimentos no campus de excelencia, o que se compensou cun menor gasto no capítulo de obras.

5.- *VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANCEIROS*: Neste capítulo inclúense os créditos non obrigados a 31/12/10 incorporados ao orzamento de 2011 e que correspondían a compromisos adquiridos ou ben a financiamento específico de actividades (bolsas erasmus e outros programas, investigación, congresos, cursos de posgrao, etc). Proveñen, xa que logo, de dereitos liquidados en anos anteriores e non xeran ingresos no exercicio 2011.

Unha vez presentadas as notas xerais por capítulo orzamentario, resulta importante mencionar que a cifra de dereitos recoñecidos pendentes de cobro a 31/12/11 é de 44,28 millóns de euros, que representa o 18,23 % de todos os dereitos recoñecidos (10,15 % no ano anterior), a razón deste incremento atopase na demora dos cobros das administracións financiadoras (central e autonómica) polas dificultades de tesourería.

No cadro 2 figuran as porcentaxes que cada fonte de financiamento representa sobre o conxunto dos ingresos da USC no período 2007-2011.

CADRO 2. PORCENTAXE DE FINANCIAMENTO POR CAPÍTULOS (2007-2011)

CAPÍTULO	2007	2008	2009	2010	2011
III. Prezos públicos e outros ingresos	18,21	18,45	17,27	16,56	18,60
IV. Transferencias correntes	54,74	56,31	55,89	52,38	60,40
V. Ingresos patrimoniais	0,67	1,06	0,54	0,46	0,63
VI.-Alleamento de investimentos reais	0,00	0,01	0,00	0,00	0,00
VII. Transferencias de capital	21,72	20,81	21,59	23,63	20,37
VIII. Variación de activos financeiros				0,11	0,00
IX. Variación de pasivos financeiros	4,66	3,36	4,71	6,86	0,00
TOTAL	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00

O importe das “transferencias correntes” representa no período analizado a maior fonte de recursos mantendose no entorno do 55% dos recursos totais pero aumentando neste último ano ata o 60,4% a costa da diminución das transferencias de capital para investigación. A continuación figuran as transferencias de capital (que inclúen o financiamento por proxectos, infraestruturas de investigación e obras) e os “prezos públicos e outros ingresos” (matrículas e prestación servizos investigación, etc.), por último, unha pequena participación dos ingresos derivados da rendibilización do patrimonio (capítulo 5).

1.1.2. COMENTARIOS PARTICULARES AOS INGRESOS DE CADA CAPÍTULO ORZAMENTARIO

Capítulo III: Prezos públicos e outros ingresos.

No cadro 3 figuran recollidos, por artigo orzamentario, os dereitos recoñecidos nos tres últimos exercicios e as variacións de 2011 con respecto ao 2010 e ao 2009; indícase tamén cal foi a participación relativa dos dous compoñentes deste capítulo: “Prezos públicos” e “Outros ingresos”. Os primeiros representan o 52,47 % do financiamento total do capítulo e o 47,53 % os segundos; nestes últimos inclúense fundamentalmente os ingresos por prestación de servizos por actividades de investigación.

CADRO 3: PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS. DEREITOS RECOÑECIDOS 2009-2011

Artigo presupostario	Dereitos recoñecidos 2009	Dereitos recoñecidos 2010	Dereitos recoñecidos 2011	% Variación S/09	% Variación S/10
31. Prezos públicos por servizos académicos	23.346.109,43	21.980.119,30	22.690.353,70	-2,81%	3,23%
32. Prestación de servizos	22.470.209,16	19.662.015,97	13.730.249,25	-38,90%	-30,17%
33. Venda de bens	234.056,73	185.305,34	222.903,92	-4,77%	20,29%
38. Reintegros	579.214,22	585.994,44	499.065,55	-13,84%	-14,83%
39. Outros ingresos diversos	3.155.937,53	1.611.793,23	6.104.611,29	93,43%	278,75%
TOTAIS	49.785.527,07	44.025.228,28	43.247.183,71	-13,13%	-1,77%
34. Facturación interna	2.284.621,00	2.580.252,75	1.915.823,49		
	52.070.148,07	46.605.481,03	45.163.007,20		
AGRUPACIÓN ARTIGOS VALORES ABSOLUTOS	2.009	2.010	2.011		
OUTROS INGRESOS	26.439.417,64	22.045.108,98	20.556.830,01		
PREZOS PÚBLICOS POR SERVICIOS ACADÉMICOS	23.346.109,43	21.980.119,30	22.690.353,70		
TOTAL CAPÍTULO	49.785.527,07	44.025.228,28	43.247.183,71		

AGRUPACIÓN ARTIGOS VALORES RELATIVOS	2009	2010	2011
OUTROS INGRESOS	53,11%	50,07%	47,53%
PREZOS PÚBLICOS POR SERVICIOS ACADÉMICOS	46,89%	49,93%	52,47%
TOTAL CAPÍTULO	100,00%	100,00%	100,00%

No detalle do cadro 3 aparecen desagregados por partidas singularizadas os diferentes tipos de ingresos. Nos comentarios seguintes deterémonos naqueles aspectos que consideramos máis significativos dentro dos principais artigos orzamentarios.

DETALLE DO CADRO 3

ARTIGO PRESUPUESTARIO	PREVISIÓNS		DEREITOS RECOÑECIDOS
	INICIAIS	DEFINITIVAS	
31. PREZOS PÚBLICOS POR SERVICIOS ACADÉMICOS			
<i><u>Estudos oficiais</u></i>			19.557.503,40
Estudos 1º, 2º ciclos			18.412.494,76
Estudos POP			1.145.008,64
<i><u>Outros estudos</u></i>			3.132.850,30
Cursos posgrao			2.432.957,71
Cursos especialización e outros cursos			143.262,59
Cursos de verán			99.530,00
Centro de Linguas Modernas			360.055,00
Escola de Práctica Xurídica			97.045,00
TOTAL ARTIGO 31	23.838.000,00	24.105.592,30	22.690.353,70
32. PRESTACIÓN DE SERVICIOS			
Inscripcións en xornadas, congresos, etc.			209.833,89
Aloxamento Sistema Univ. Residencias			1.193.176,39
Servizos Investigación			10.331.387,86
Feuga: custos indirectos e nóminas			525.900,54
A organismos públicos en entidades sen fins de lucro			4.712.316,20
A empresas			5.093.171,12
Outros servizos prestados			1.995.851,11
Extensión Universitaria Deportes			650.478,27
Extensión Universitaria Cultura			4.070,00
Centro Posgrao-Doutorado Internacional			3.800,00
Escola infantil Breogán			134.337,50
Imprenta			41.716,69
Servimav			1.611,00
Centro de Linguas Modernas			10.100,00
Atencións clínicas Odontoloxía			797.305,36
Atencións clínicas Optica			2.834,98
Bibliotecas			16.549,30
Dereitos de oposicións e concursos			14.734,49
Teléfonos			22.853,15
Estacións biolóxicas: A Graña/Encoro do Con			57.613,03
Outros: Facturac. Unixest, Fund. Cátedras, Concellos, Deputacións, Xunta, cursos de verán, televisión, etc.			237.847,34
TOTAL ARTIGO 32	17.330.000,00	18.894.111,63	13.730.249,25

33.VENDA DE BENS			
Publicacións			91.161,91
Reprografía			8.472,51
Vendas enerxía eléctrica			123.269,50
TOTAL ARTIGO 33	60.000,00	131.874,01	222.903,92
38. REINTEGROS			
Varios			87.376,72
Anuncios contratación			15.431,85
Compensación seguros			134.314,70
Compensación consumos Fund,Rof-Codina			3.954,53
Compensación consumos Centro transfusión de Galicia			51.503,28
Compensacións subministracións concesionarios e cesionarios			206.484,47
TOTAL ARTIGO 38.	320.000,00	499.610,18	499.065,55
39. OUTROS INGRESOS DIVERSOS			
Complemento asistencial Rof-Codina			86.988,00
Compensacións impostos			5.645.718,68
Rappel provedores			61.521,04
Prácticas alumnos másters e posgrao			8.190,00
Varios			302.193,57
TOTAL ARTIGO 39		287.515,49	6.104.611,29
TOTAL CAPÍTULO III SEN FACTURACIÓN INTERNA	41.548.000,00	43.918.703,61	43.247.183,71
Imprenta			417.185,33
Servimav			17.209,11
Xerencia			71.384,76
Servizo Universitario de Residencias			213.355,41
Servizos Xerais de investigación(Vic.de Investigación)			647.552,76
Centro Documentacion europea			3.294,73
Centros docentes			279.947,46
Institutos			90.837,40
Bibliotecas			13.320,78
Centro de línguas modernas			6.476,71
Oficina de Xestión de Infraestructuras			3.034,51
Oficina de Investigación e Tecnoloxía			67.924,96
Servizo de Publicacións			9.347,67
Servizo de Tradución			11.150,00
Area das TIC			9.465,40
Estacións biolóxicas			51.956,80
Outros			2.379,70
34. FACTURACIÓN INTERNA	0,00	1.915.823,49	1.915.823,49
TOTAL CAPÍTULO III	41.548.000,00	45.834.527,10	45.163.007,20

Artigo 31. Prezos públicos.

Os dereitos recoñecidos por prezos públicos de estudos oficiais acadaron o importe de 19,56 millóns de euros sendo as previsións definitivas de ingreso 21,00; por tanto, houbo un déficit por este concepto de 1,44 millóns de euros.

Observacións:

- Os ingresos de prezos pola matriculación nas probas de acceso á Universidade non están incluídos na liquidación do orzamento de ingresos da USC, xa que, por convenio entre as tres Universidades de Galicia, encargouse da liquidación dos gastos e ingresos das probas a CIUG, de xeito que figura no orzamento da

Universidade só a parte que se tivo que achegar para cubrir a diferenza entre os ingresos e os gastos –figura no capítulo IV de gastos na USC–.

- Inclúese na liquidación a matrícula gratuíta na USC para o seu persoal e familiares. Está cargado o importe da mesma ao capítulo I de gastos –acción social- contabilizándose no orzamento de ingresos como unha entrada en formalización (sen entrada material de fondos).
- Os alumnos que se cambian de licenciatura a grao pagan a matrícula pola tarifa de primeira matrícula e aqueles alumnos que continúan en licenciatura só pagan o 25 % da matrícula por non ter dereito a docencia, o cal incide nunha menor recadación ata que se culmine a implantación do espazo europeo de educación superior (EEES).

Criterios contables:

Aplícase a recadación efectiva realizada durante o ano e que non estaba computada como dereitos recoñecidos pendentes de cobro do exercicio anterior (2010).

Considéranse dereitos recoñecidos pendentes de cobro a 31/12/11 os seguintes:

- a) A información proporcionada por XESCAMPUS (aplicación de xestión académica) dos abonares emitidos da matrícula do curso 2011/2012 pendentes de cobro a 30/12/11 (derradeiro día hábil de 2011), importe: 1.646.522,43; aquí fundamentalmente recóllense os terceiros prazos que se liquidan en marzo (1.145.101,19 euros).
- b) O importe pendente de compensación do MEC polo importe das matrículas non satisfeitas de alumnos bolseiros e dos alumnos de familia numerosa de tres fillos por importe de 6.371.354,49 euros. Este importe extráese do informe de liquidación de prezos da aplicación XESCAMPUS con data 30/12/11. A contía total de compensación estimada resulta 6.747.354,49 euros, dos que 376.000,00 foron ingresados en 2011.

Artigo 32. Prestación de servizos

As notas máis significativas con respecto a anos anteriores son as seguintes:

- Os dereitos de matrícula en “outros estudos” foron 3,13 millóns fronte a 2,90 de 2010 e 3,17 de 2009, apuntando unha tendencia á estabilidade.
- Os dereitos de inscrición en congresos e xornadas diminuíron con respecto a 2010 nun 25 % (de 0,28 millóns en 2010 a 0,21 en 2011). No servizo universitario de residencias (1,19 millóns de euros) non se contabiliza a subvención que nos orzamentos de anos anteriores calculabase en función dos prezos reducidos segundo niveis de renda.
- Consecuencia da crise o importe acadado por contratos e convenios por servizos de investigación diminúe con respecto aos exercicios anteriores sendo de 10,33 millóns neste ano, 14,47 en 2010 e 17,62 millóns de euros en 2009, mostrándose unha clara e marcada tendencia á baixa.

Artigo 33. Venda de bens

Recupéranse as vendas de enerxía eléctrica por un importe de 123,27 miles de euros (77,68 miles de euros en 2010, 115,9 en 2009).

Artigo 34. Facturación interna

Desde o ano 1996 a facturación que se realiza internamente na USC –os denominados cargos internos– trátase contablemente como ingreso no centro emisor (centro que presta o servizo ou subministra as mercancías) e como pagamento no centro receptor (aplicación orzamentaria que soporta o gasto). A consecuencia disto, o orzamento de ingresos, e correlativamente o de gastos, vense incrementados polo volume anual destas operacións, que representan en total 1,91 millóns de euros. Estas operacións non orixinan movementos de fondos de tesourería, posto que se realizan en “formalización” (sen saída material de fondos).

No ano 2010 a facturación de telefonía móbil aboase extraorzamentariamente e despois efectúanse os cargos internos contra as partidas do orzamento que deben soportalos, de tal xeito que se cancela a operación non orzamentaria. No ano 2011 tamén faise mediante este sistema o cargo da telefonía fixa. Estes cargos teñen un tratamento disintno que os anteriores posto que neste caso non interven o orzamento de ingresos.

No detalle do cadro 3 indicamos os diferentes centros emisores de cargos internos e as cantidades que facturan.

Artigo 39. Outros ingresos

En compensación impostos recollese a devolución do IVE soportado na investigación básica resultante dos recursos ganados correspondentes aos anos 2001-2004.

Capítulo IV. Transferencias correntes.

No cadro 4 detállanse por artigo orzamentario os dereitos recoñecidos comparándoos cos dos dous exercicios previos (desagregase por partida orzamentaria no detalle do cadro 4).

CADRO 4: TRANSFERENCIAS CORRENTES. Dereitos recoñecidos 2009-2011

ARTIGO PRESUPOSTARIO	Dereitos recoñecidos 2009	Dereitos recoñecidos 2010	Dereitos recoñecidos 2011	% Variación S/09	% Variación S/10
40.Administración do Estado	3.214.617,08	3.924.694,21	1.870.795,73	-41,80%	-52,33%
41.Organismos Autónomos adtvos	553.388,10	1.627.756,60	1.284.224,72	132,07%	-21,10%
42.Seguridade Social	0,00	18.000,00	30.000,00	0,00%	0,00%
44.Outros entes públicos	153.447,46	204.857,58	189.654,46	23,60%	-7,42%
45.Comunidades Autónomas	156.534.003,10	136.471.784,73	139.054.719,24	-11,17%	1,89%
46.Corporacións Locais	427.632,09	354.129,79	259.858,50	-39,23%	-26,62%
47.Empresas Privadas	1.425.650,00	1.915.639,40	1.936.934,72	35,86%	1,11%
48.Familias e inst.sen fins lucro	762.066,04	245.287,33	160.550,19	-78,93%	-34,55%
49.Exterior	5.391.373,34	2.625.753,19	1.899.910,00	-64,76%	-27,64%
TOTAL CAPÍTULO IV	168.462.177,21	147.387.902,83	146.686.647,56	-12,93%	-0,48%
AGRUPACIÓN ARTIGOS	IMPORTE	% S/TOTAL			
Comunidades Autónomas	139.054.719,24	94,80%			
Outros	7.631.928,32	5,20%			
TOTAL	146.686.647,56	100,00%			

No exercicio 2011 entra en vigor o novo “Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2011-2015” asinado o 21 de decembro de 2010. Este Plan contempla tres fondos de financiamento: financiamento estrutural, por resultados e por mellora da calidade.

O artigo orzamentario máis importante deste Capítulo está constituído polas transferencias correntes da Comunidade Autónoma, que experimentan no seu conxunto un aumento do 1.89 % (en euros correntes) sobre as recoñecidas no ano anterior. As partidas que compoñen o financiamento neste capítulo procedente do orzamento da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria son as seguintes:

FINANCIAMENTO ESTRUTURAL:

Subvención fixa	123.754.632,15
Mantemento dos Consellos Sociais	200.000,00
Prazas vinculadas SERGAS	4.340.964,42

FINANCIAMENTO POR RESULTADOS..... 7.507.346,68

OUTRAS TRANSFERENCIAS:

Preparación das propostas dos novos plans de estudos	234.770,42
Escolas de doutoramento do EEES.....	187.781,44
Programa estabilización persoal investigador.....	644.207,34
Mellora xestión universidades, programa de contabilidade de custos	36.575,29
Normalización Lingüística	32.000,00
Integración de profesores titulares de Escolas Universitarias.....	30.736,51

TOTAL **136.969.014,25**

DETALLE DO CADRO 4

ARTIGO E PARTIDA PRESUPUESTARIA	PREVISIÓNS		DEREITOS RECOÑECIDOS
	INICIAIS	DEFINITIVAS	
40.ADMINISTRACIÓN DO ESTADO			
Ministerio de Educación, Cultura y Deporte			1.865.795,73
Ministerio de Justicia			5.000,00
TOTAL ARTIGO 40	0,00	1.843.133,17	1.870.795,73
41.ORGANISMOS AUTÓNOMOS			
ADMINISTRATIVOS			
Consejo Superior de Deportes			15.065,24
Programas educativos Europeos-Erasmus-			1.130.670,82
Mutua Universal			12.000,00
Agencia Española Cooperación Internacional			23.730,00
Instituto Galego de vivenda e solo (IGVS)			25.000,00
Consello Galego de Relacións Laborais			55.058,66
Axencia Galega de Industrias Culturais			22.700,00
TOTAL ARTIGO 41	650.000,00	1.271.917,86	1.284.224,72
42.SISTEMA SEGURIDADE SOCIAL			
Instituto Nacional de Seguridad Social			12.000,00
Tesourería Xeral da Seguridade Social			6.000,00
Instituto Social de la Marina			12.000,00
TOTAL ARTIGO 42	0,00	27.000,00	30.000,00
44.OUTROS ENTES PÚBLICOS			
Consortio Cidade de Santiago			122.000,00
Instituto Ramón Lull			25.134,00
Consejo General del Poder Judicial			18.795,00

Universidad Complutense de Madrid			1.449,99
Universidad de País Vasco			2.275,47
Proholz Austria			20.000,00
TOTAL ARTIGO 44	0,00	185.522,96	189.654,46
45.COMUNIDADES AUTÓNOMAS			
Consellerías e Organismos Xunta de Galicia			
Cultura,Educación e Ordenación Universitaria			132.751.383,16
Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza			68.000,00
Economía e Industria			1.208.311,79
Traballo e Benestar			481.738,61
Servizo Galego de Saúde			4.460.125,43
Secretaría Xeral Moderniz.e innovación tecnolóxica			40.000,00
Secretaría Xeral de Medios			8.500,00
Secretaría Xeral para o deporte			36.660,25
TOTAL ARTIGO 45	137.384.480,00	139.145.079,71	139.054.719,24
46.CORPORACIÓNS LOCAIS			
Concello de Santiago de Compostela			15.000,00
Concello de Lugo			30.000,00
Federación Galega de Municipios(FEGAMP)			36.058,50
Concello de Guitiriz			4.500,00
Concello de Sarria			6.000,00
Concello de Pedrafita do Cebreiro			700,00
Deputación Provincial A Coruña			102.100,00
Deputación Provincial de Lugo			65.500,00
TOTAL ARTIGO 46	0,00	239.152,65	259.858,50
47.EMPRESAS PRIVADAS			
Banco Santander			1.810.000,00
Caixanova			3.000,00
La Caixa			60.000,00
Laboratorio Dentaïd s.l.			12.000,00
Sociedade Galega de Agroecoloxía			10.000,00
Systagenix woung Management (SPAIN),slu			23.184,72
Confederación Empresarios Coruña			17.500,00
Outras			1.250,00
TOTAL ARTIGO 47	1.800.000,00	1.931.666,25	1.936.934,72
48.FAMILIAS E INSTITUCIÓNS SEN FINS DE LUCRO			
Fundación Caixa Galicia			15.000,00
Obra Social Novacaixagalicia			18.000,00
Fundación Cátedra Pastora Campos Goldner			15.000,00
Fundación Bancaja			23.000,00
Fundación Vodafone España			20.000,00
Fundación Gral.Universidad Autónoma de Madrid			11.446,20
Fundación Española Ciencia e Tecnoloxía (FECYT)			16.120,00
Ilustre Colexio de Procuradores			1.200,00
Red Universitaria Iberoamericana			
Incubación Empresas (REDEMPRENDIA)			38.333,99
Outros			2.450,00
TOTAL ARTIGO 48	275.000,00	435.550,19	160.550,19
ARTIGO 49. EXTERIOR			
da Unión Europea			1.872.934,59
Outras transferencias do Exterior			26.975,41
TOTAL ARTIGO 49	0,00	1.899.910,00	1.899.910,00
TOTAL CAPÍTULO IV	140.109.480,00	146.978.932,79	146.686.647,56

Capítulo V. Ingresos patrimoniais

No cadro 5 e no seu detalle recóllense os diferentes compoñentes dos ingresos derivados da rendabilización do patrimonio da Universidade. Os saldos de tesourería mantidos no exercicio foron inferiores aos do exercicio anterior pero os tipos de xuro maiores, co efecto conxunto de aumentar nun 32,59% a rendibilización dos fondos líquidos. Son significativos os incrementos que se producen na cesión de espazos (productos de inmobles) e concesións administrativas.

CADRO 5. INGRESOS PATRIMONIAIS

ARTIGO PRESUPOSTARIO	DEREITOS RECOÑECIDOS S 2009	DEREITOS RECOÑECIDOS S 2010	DEREITOS RECOÑECIDOS S 2011	% VARIACIÓN S/09	% VARIACIÓN S/10
52.Xuros de contas bancarias	1.164.627,72	713.885,32	946.566,85	-18,72%	32,59%
54.Productos de inmobles	165.425,51	279.201,98	307.940,66	86,15%	10,29%
55.Concesións administrativas	163.453,49	252.799,86	232.294,42	42,12%	-8,11%
59.Outros ingresos patrimoniais	121.837,30	45.716,70	31.000,95	-74,56%	-32,19%
TOTAL CAPÍTULO V	1.615.344,02	1.291.603,86	1.517.802,88	-6,04%	17,51%

DETALLE CADRO 5

ARTIGO E PARTIDA PRESUPOSTARIA	PREVISIÓNS		DEREITOS RECOÑECIDOS
	INICIAIS	DEFINITIVAS	
52.XUROS DE CONTAS BANCARIAS			
En Novagalicia Banco			777.091,04
En Banco Santander			125.237,77
En Caixa Rural de Lugo			8.160,08
En Banco Bilbao Vizcaya			25.012,70
En Bancaja			1.201,82
En Banco Pastor			6.331,31
En La Caixa			3.530,92
Outras entidades			1,21
TOTAL ARTIGO 52	500.000,00	507.465,38	946.566,85
54.ALUGUEIROS E PRODUCTOS DE INMOBLES			
Alugueres vivendas funcionarios			26.171,18
Cesión uso bens patrimoniais			281.769,48
TOTAL ARTIGO 54	0,00	125.268,07	307.940,66
55.CONCESIÓNNS ADMINISTRATIVAS			
Servizo cafeterías, fotocopiadoras			232.294,42
TOTAL ARTIGO 55	213.000,00	213.000,00	232.294,42
59.OUTROS INGRESOS PATRIMONIAIS			
Outros ingresos patrimoniais			31.000,95
TOTAL ARTIGO 59	0,00	1.000,95	31.000,95
TOTAL CAPÍTULO V	713.000,00	846.734,40	1.517.802,88

Capítulo VII. Transferencias de capital

No cadro 6 recóllense os dereitos recoñecidos deste capítulo por artigo orzamentario e efectúase a comparación cos dos dous anos anteriores. No detalle deste cadro indícanse os diferentes grupos de organismos financiadores.

CADRO 6.- CAPÍTULO VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

ARTIGO PRESUPUESTARIO	DEREITOS RECOÑECIDOS 2009	DEREITOS RECOÑECIDOS 2010	DEREITOS RECOÑECIDOS 2011	% VARIACIÓN S/09	% VARIACIÓN S/10
70.Administración do Estado	17.938.114,21	20.324.656,42	13.835.068,80	-22,87%	-31,93%
71. Organismos Autónomos Administrativos	2.922.922,00	1.230.644,92	966.208,83	-66,94%	78,51%
72.Seguridade Social	221.025,85	1.393.816,39	1.121.310,98	407,32%	-19,55%
74.Empresas Públicas e outros entes	432.500,37	233.272,00	123.364,58	-71,48%	-47,12%
75.Comunidades Autónomas	36.800.922,83	39.177.677,56	27.068.134,87	-26,45%	-30,91%
76.Corporacións Locais	999.090,70	242.688,35	449.527,03	-55,01%	85,23%
77. Empresas Privadas	204.507,00	204.507,00	5.000,00	-97,56%	-97,56%
78.Familias e Institucións sen fins de lucro	201.146,59	344.196,19	546.559,35	171,72%	58,79%
79.Exterior	5.372.580,51	3.343.374,54	5.356.004,24	-0,31%	60,20%
TOTAL CAPÍTULO VII	65.092.810,06	66.494.833,37	49.471.178,68	-24,00%	-25,60%

DETALLE CADRO 6

ARTIGO PRESUPUESTARIO	PREVISIÓNS		DEREITOS RECOÑECIDOS
	INICIAIS	DEFINITIVAS	
70.ADMINISTRACIÓN DO ESTADO			
Ministerio de Educación, Cultura y Deporte			4.694.588,85
Ministerio de Ciencia y Tecnología			8.631.779,05
Ministerio de Defensa			6.000,00
Ministerio de Industria, Turismo e Comercio			36.878,10
Ministerio de Fomento			249.312,00
Ministerio de Sanidad y Consumo			206.510,80
Ministerio de Justicia			10.000,00
TOTAL ARTIGO 70	9.000.000,00	10.125.602,10	13.835.068,80
71.ORGANISMOS AUTONÓMOS ADMINISTRATIVOS			
Centro Superior de Investigacións Científicas			99.912,23
Instituto Nacional de Investigacións Agrarias e Tecnolóxicas			35.088,60
Axencia Española Cooperación Internacional			542.796,00
Instituto Lucense de Desenvolvemento			38.158,00
Instituto Tecnolóxico para o Control Medio Mariño			83.859,00
Axencia Calidade Sistema Universitario de Galicia			6.000,00
Axencia Galega de Desenvolvemento Rural			62.000,00
Organismo Autónomo Parques Nacionales			62.395,00
Axencia Galega de Industrias Culturais			36.000,00
TOTAL ARTIGO 71	300.000,00	312.643,00	966.208,83

72.SEGURIDADE SOCIAL

Fondo investigacións sanitarias Seguridad Social			1.121.310,98
TOTAL ARTIGO 72	800.000,00	800.000,00	1.121.310,98

74.EMPRESAS PÚBLICAS E OUTROS ENTES

Universidade de Vigo			7.000,00
Universidade de Cantabria			116.364,58
TOTAL ARTIGO 74	0,00	0,00	123.364,58

75.COMUNIDADES AUTÓNOMAS**Xunta de Galicia**

Recursos para investigación			15.389.346,18
Financiamento por mellora da Calidade			7.880.400,00
Reparación, Ampliación, Mellora (RAM)			1.971.320,00
Compensación custos Normativa Estatal e Autonómica			428.776,81
Consellería de Economía e Industria			1.398.291,88
TOTAL ARTIGO 75	28.123.480,00	28.123.480,00	27.068.134,87

76.CORPORACIÓNS LOCAIS

Concello de Covelo			21.074,75
Concello de Santiago de Compostela			30.000,00
Deputación Provincial de Lugo			49.200,00
Deputación Provincial de A Coruña			348.904,04
Deputación Provincial de Pontevedra			348,24
TOTAL ARTIGO 76	250.000,00	450.000,00	449.527,03

77.EMPRESAS PRIVADAS

Confederación Empresarial Lucense			5.000,00
TOTAL ARTIGO 77	0,00	0,00	5.000,00

78.DE FAM. E INSTIT. SEN FINS LUCRO

Fundación Española Ciencia e Tecnoloxía			115.245,70
Fundación Biodiversidade Red Universitaria			21.917,81
Iberoamericana de incubación e empresas			11.144,13
Caixa Rural Galega			45.000,00
Fundación Ramón Areces			18.000,00
Fundación Mafre			12.000,00
Consortio da Cidade de Santiago			147.000,00
Fundación privada Abertis			14.520,00
Fundación Científica Asociación española contra o cáncer			85.600,00
Fundación Centro Tecnolóxico Supercomputación de Galicia			36.186,99
Fundación Santamaria			4.000,00

Fundación Carolina			18.000,00
Fundación Pedro Barrié de la Maza			13.214,03
Outras			4.730,69
TOTAL ARTIGO 78	0,00	1.193,79	546.559,35
79.EXTERIOR			
Unión Europea. Recursos investigación			5.356.004,24
TOTAL ARTIGO 79	3.000.000,00	3.000.000,00	5.356.004,24
TOTAL CAPÍTULO VII	41.473.480,00	42.812.918,89	49.471.178,68

A captación de recursos para actividades de investigación financiadas polo Ministerio de Educación, Ciencia e Innovación e outros Ministerios representa 13,84 millóns de euros o cal supón unha significativa diminución con respecto aos dereitos liquidados no exercicio anterior do 31,89 % (20,32 millóns de euros en 2010).

As achegas para actividades de investigación procedentes da Xunta de Galicia diminúen de xeito importante con respecto ao ano anterior nun 44,56 %, pasando de 27,76 millóns en 2010 a 15,39 no exercicio actual.

Outros recursos aportados neste “capítulo VII” pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en función do Plan de Financiamento 2011-2015 foron:

- Mellora da calidade: 7.880.400,00 euros.
- Compensación custos normativa estatal e autonómica: 428.776,81 euros.
- Reparación, ampliación e mellora (RAM): 1.971.320,00 euros.

A subvención da Consellería de Innovación e Industria por importe de 1,16 millóns de euros ten por destino a devolución da anualidade 2011 dos anticipos reembolsables da convocatoria 2005.

O resto das cantidades que figuran no cadro e que non se comentan son fundamentalmente achegas para actividades de investigación.

Capítulo VIII. Variación de activos e pasivos financeiros

No cadro 7, apartado variación activos financeiros, indícase o financiamento de créditos en 2011 co remanente de tesourería de 2010. En síntese, comprende aqueles créditos que non estaban obrigados a 31/12/10 e incorporáronse ao ano seguinte para atender actividades financiadas con recursos específicos ou gastos comprometidos no exercicio precedente por importe de 103.225.815,35 euros.

CADRO 7.- CAPÍTULO VIII. VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANCIEROS.

INCORPORADO A CAPÍTULO	DESGLOSE FINANCIAMENTO CO REMANENTE DE TESOURERÍA	
	FINANCIAMENTO ORZAMENTO INICIAL	CRÉDITOS FINANCIADOS NO EJERCICIO 2011
I. Gastos de persoal		25.480,77
II. Gastos en bens correntes e servizos		5.327.657,38
IV. Transferencias correntes		5.711.190,90
VI. Inversións reais		92.161.486,30
TOTAIS CAPITULO VIII	5.000.000,00	103.225.815,35

1.1.3. ORZAMENTO DE INGRESOS. EJERCICIOS ANTERIORES.

O cadro 8 recolle a evolución dos dereitos recoñecidos pendentes de cobro de exercicios anteriores, así como a súa situación a 01/01/11 e a fin de exercicio 31/12/11.

Cóbranse en 2011 o 56,74 % dos dereitos pendentes de cobro e anuláanse por importe de 4,93 millóns de euros.

O dereito pendente de cobro correspondente ao exercicio 2004 por 1.000.000,00 de euros corresponde coa parte do derradeiro prazo polo alleamento dos terreos de Galeras (prodúcese o cobro o 16 de febreiro de 2012).

CADRO 8.- EVOLUCIÓN DOS DEREITOS RECOÑECIDOS PENDENTES DE INGRESO DE EJERCICIOS ANTERIORES A 2011

ANO	DEREITOS PENDENTES DE COBRO A 31/12/10	INGRESADO NO 2011	DEREITOS ANULADOS NO 2011	DEREITOS PENDENTES DE COBRO A 31/12/11	% INGRESOS SOBRE DEREITOS	% INGRESADO + ANULADO S/DEREITOS
2003	116.915,15	46.737,82	70.177,33	0,00	39,98%	100,00%
2004	2.070.798,72	127.896,03	942.902,69	1.000.000,00	6,18%	51,71%
2005	264.807,27	13.774,88	251.032,39	0,00	5,20%	100,00%
2006	226.672,28	26.652,41	200.019,87	0,00	11,76%	100,00%
2007	1.054.656,05	195.751,35	70.604,84	788.299,86	18,56%	25,26%
2008	8.381.777,80	262.515,98	124.042,19	7.995.219,63	3,13%	4,61%
2009	3.470.052,75	1.784.694,62	569.115,11	1.116.243,02	51,43%	67,83%
2010	26.590.282,72	21.473.534,81	2.699.538,29	2.417.209,62	80,76%	90,91%
TOTAIS	42.175.962,74	23.931.557,90	4.927.432,71	13.316.972,13	56,74%	68,43%

1.2. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS

1.2.1. COMENTARIOS XERAIS Á LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS.

Nesta parte, onde se analizan as contas do exercicio, e neste apartado no que concretamente tratamos da liquidación do orzamento de gastos, só nos deteremos na análise e comentarios da execución do orzamento, visto este desde un punto vista global. Posteriormente, na segunda parte, xestión de recursos económicos, examínanse os gastos a nivel dos diferentes centros e servizos que conforman a USC.

No cadro 9 que reproducimos a continuación preséntase a liquidación do orzamento de gastos por capítulo orzamentario e no cadro 10 por grupos de funcións e as obrigas contraídas nos tres últimos anos coa súa estrutura de participación porcentual sobre o total dos gastos.

CADRO 9. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS POR CAPÍTULOS

CAPÍTULO	ORZAMENTO INICIAL	ORZAMENTO DEFINITIVO	GASTOS AUTORIZADOS	OBRIGAS CONTRAIDAS	PAGAMENTOS	PENDENTE DE PAGAMENTO A 31/12/11	REMANENTE	%EXECUCIÓN S/AUTORIZADOS	% EXECUCIÓN S/OBRIGAS
I.Gastos de Persoal	149.260.000,00	149.891.740,32	149.793.758,13	149.793.758,13	148.507.886,62	1.285.871,51	97.982,19	99,93%	99,93%
II.Gastos en bens correntes e servizos	26.188.960,00	36.026.471,82	30.750.335,17	30.435.496,66	28.691.683,65	1.743.813,01	5.590.975,16	85,35%	84,48%
III.Gastos Financeiros	898.000,00	989.611,10	989.611,10	989.611,10	826.570,10	163.041,00	0,00	100,00%	100,00%
